

A D.O. Ribeira Sacra presenta tres novas contraetiquetas identificativas

Dúas (marrón e vermella) para tintos e outra verde para brancos

O Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra acaba de presentar ó mercado a imaxe das súas novas contraetiquetas: *Summum Vermella*, *Summum Verde* e a *Contraetiqueta Marrón*. O Club Internacional de Prensa, de Santiago de Compostela, foi o escenario elixido para a presentación destas contraetiquetas e da nova web www.ribeirasacra.org. O presidente do Consello Regulador, José Manuel Rodríguez, estivo acompañado polo conselleiro de Política Agroalimentaria, Santiago Miamorón, que explicou as iniciativas innovadoras do Consello Regulador que

"avanza combinando tradición e modernidade".

Desto xeito, a contraetiqueta *Summum Vermella* é a propia dos viños tintos de alta calidade



como os plurivarietais, os que pasan por barrica e, en definitiva, os que soportan un proceso de coto máis rigoroso.

Por outra banda a *Contraetiqueta Marrón* é a que identificará os viños que acadan o nivel de calidade mínimo exigido pola Denominación de Orixe. En canto os viños brancos o novo distintivo é *Summum Verde*, tanto para viños monovarietais como plurivarietais, xa que esta Denominación só considera os viños brancos de alta gama.

Premios para Adegas Moure

Adegas Moure acaba de recibir unha nova Medalla de Plata no concurso Monde Selection de Montreal, que engadir ó seu palmarés, polo seu Tinto Mencía Gallego elaborado en barrica. ■



Neste caso, José Manuel Rodríguez, presidente do Consello Regulador, estivo acompañado polo conselleiro de Política Agroalimentaria, Santiago Miamorón (á dereita), durante a presentación da web e das novas contraetiquetas.

Entre o resto a nova contraetiqueta *Summum Vermella* para viños tintos de alta calidade, debaixo os outros dous distintivos: a *Contraetiqueta Marrón*, tanto para tintos, e a *Summum Verde*, para os brancos de alta calidade.

